

A distancia entre as palabras e o mundo

Isaac Lourido Hermida

Formas de citación recomendadas

1 | Por referencia a esta publicación electrónica*

LOURIDO HERMIDA, ISAAC (2011 [2006]). “A distancia entre as palabras e o mundo”. *Grial*: 172, 96-97. Reedición en *poesiagalega.org*. *Arquivo de poéticas contemporáneas na cultura*.
<<http://www.poesiagalega.org/arquivo/ficha/f/27>>.

2 | Por referencia á publicación orixinal

LOURIDO HERMIDA, ISAAC (2006). “A distancia entre as palabras e o mundo”. *Grial*: 172, 96-97.

* Edición dispoñíbel desde o 25 de xaneiro de 2011 a partir dalgunha das tres vías seguintes: 1) arquivo facilitado polo autor/a ou editor/a, 2) documento existente en repositorios institucionais de acceso público, 3) copia dixitalizada polo equipo de *poesiagalega.org* coas autorizacións pertinentes cando así o demanda a lexislación sobre dereitos de autor. En relación coa primeira alternativa, podería haber diferenzas, xurdidas xa durante o proceso de edición orixinal, entre este texto en pdf e o realmente publicado no seu día. O GAAP e o equipo do proxecto agradecen a colaboración de autores e editores.

A DISTANCIA ENTRE AS PALABRAS E O MUNDO

[RECENSIÓN DO LIBRO DE MANUEL DARRIBA *VOSTEDE NON SABE CON QUEN ESTÁ A FALAR*, 2006]

Isaac Lourido Hermida

Vostede non sabe con quen está a falar proporcionou o XIII Premio de poesía Espiral Maior (2004) a Manuel Darriba, que se estreara no xénero en 1997 coa publicación de *Calor*. Apontado aquel primeiro libro nunha voz achegada ao lector por medio da linguaxe coloquial, transmisora dunha cosmovisión feliz na transcendencia, esta última entrega apóiase en mecanismos ben distintos. A voz e a linguaxe procuradas nacen da esixencia de dar resposta a certas encrucilladas en que se move a mesma creación poética, en particular a que une (ou enfrenta) lingua e realidade. Cómo meter a ollada humana até o fondo das cousas e logo cómo poder dicir algo sobre todo iso.

Darriba amosa unha contención expresiva visíbel no laconismo dos títulos e na adopción dun ton austero, espello dun contacto sensíbel co real e coa materialidade (decadente) do mundo. A carencia de artificio e mais a fractura na sintaxe agroman como tentativas para acomodar a linguaxe a unha ollada complexa sobre unha existencia escorregadiza. Xógase, daquela, no borde do silencio e, en campo fértil, mídese a aparición de versos de intencionalidade contundente para provocar a aparición do pensamento: *frechas brancas silandeiras; / ronsel de escuma non fai océano // volve a derrota dos afogados / nos rastros do nordés; e volve // non hai ron que apague a sede / cando a sede é de baleas* (p. 42).

Vostede non sabe con quen está a falar pon en causa a mesma condición de materia poética, se se entender esta no seu sentido máis manido, aquel que a considera un conxunto de esenciais celestiais dignas de admiración pola súa beleza. Rastréxase a disolución do estábel e do esperábel e o poemario asómase á fiestra do real polas canles do transbordo, a mudanza, o tránsito, o labirinto, o precipicio. Como se fose difícil estar no mundo e non recoñecerse descolocado. A realidade percute no poeta e o poeta decide intervir na linguaxe e no símbolo; así, inverter os tópicos é un xeito de mirar con outros ollos: *E as roseiras do xardín / abanéanse hoxe ao vento / de maneira tan perversa...* (p. 16).

Percorre un rumor de melancolía todo o poemario. A voz decadente acobadada contra a vida. Como se traza a distancia entre as palabras e o mundo? Ese é o desafío deste libro. A resposta provisoria: deitar encol do papel unha ollada transcendente do cotiá, e facer desaparecer do imaxinario o sagrado macro-texto da poesía pura, armazón obsoleta de símbolos, tópicos e metáforas incapaces de entrar en pugna dialéctica con estes tempos. A aposta por unha poesía da mirada que non escapa á historia traslada o poema con frecuencia cara á sensación do espectador perante a fotografía ou o ecrán cinematográfico. A palabra fendendo na beleza ten a misión de evitar calquera asomo de esteticismo: *Fotos ácratas nas dunas: amencer. // Salva de areas espaventadas / polo simún (...) / Aquel camelo no outeiro. E os camións / ateigados, ulindo a frío. / Alxerianos verde oliva. A falta*

*de impaciencia / da poboación refuxiada. // Xeopolítica obscena: / coma un 'chárter' de
Algerie / sodomizado por turistas. (p. 38).*

Ancorada na inestabilidade da fronteira, no cerne do conflito de estarmos vivos, a voz de *Vostede non sabe con quen está a falar* esquiva a monoloxía discursiva e aposta pola problematización. Pensar quere dicir levar as cousas cara á contradición, para saber algo sobre elas e poder verbalizalo. [97] Amosar, aínda que for, a perplexidade diante do mundo: *ese xesto de repasar / a pintura de labios / nos cristais abrillantados / do coche da fune-
raria / -o cadaleito, este sol; / acenos infantís- / e dicir, entre risas: / merquemos froita á
saída (p. 49).*